

Loitar e seguir sempre adiante

Sandra Mosquera

Alumna de Educación Social
Facultade de Ciencias da Educación
Universidade da Coruña
sandrampdb@yahoo.es

Son unha alumna con parálise cerebral. Na actualidade estudo primeiro curso de Educación Social na Universidade da Coruña. Teño unha serie de limitacións motoras, pero, co paso dos anos e grazas á rehabilitación, pasei da cadeira de rodas a poder andar, aínda que con dificultades. Tamén teño limitada a mobilidade das mans e dificultades na fala.

A pesar de todo, integreime bastante ben nos diferentes centros educativos: na gardería, no colexio, no instituto, e agora na universidade. No contorno da clase nunca tiven problemas cos compañeiros, pois sempre me consideraron unha máis, como debe ser. Se tocaba xogar, eu xogaba; se tocaba pelexar, tamén o facía. Para min os compañeiros foron, e seguen sendo, o mellor apoio.

Co profesorado houbo de todo un pouco: xente que puxo moito da súa parte e outros que non tanto, como lle pode pasar a calquera alumno. Penso que contribuí a abrir portas e camiños a outros que viñeron detrás. Tiven que loitar moito. Ás veces resultaba frustrante ver que moitas cousas que precisaba, ían chegando cando eu marchaba do centro. Agora, na facultade, abríanme as melloras que encontro, como ascensores, ramplas...

Coido que o máis importante para seguir adiante é a miña conexión coa xente, a sensación de sentirme unha máis no grupo. Cada día recibo palabras de afecto e de recoñecemento das miñas cualidades, e iso estímúlame para seguir loitando. Con frecuencia os meus compañeiros e profesores da universidade dedícanme palabras fermosas. Téñoas todas moi presentes e

gárdoas na memoria: “Sandra amosa unha excelente actitude na clase, sempre atenta e motivada, opina e participa...”, din de min que enriquezo o grupo e que facilito o labor pedagóxico do profesor. “Para Sandra os desafíos físicos e comunicativos acaban sendo o de menos, porque as súas dificultades non lle teñen impedido participar plenamente en clase”. “Dinamiza debates e consegue enriquecelos coas súas atinadas contribucións”. A miña compañeira, que está sempre ao meu carón, recórdame adoitado que non preciso que ninguén “me saque as castañas do lume”. “Recoñezo que, ás veces, teño algunha dificultade para entenderte”, díciame outra compañeira, “pero débese máis á miña falta de hábito de conversar contigo, que á túa expresión”.

Creo que cos meus esforzos podo contribuír a cambiar a opinión a xente que pensa que a integración das persoas con discapacidade en estudos superiores, é demasiado complicada e non xustifica as adaptacións necesarias. Concordo cun profesor que dicía: “Penso que xente loitadora, optimista, decidida e asertiva como Sandra, logra construír capacidades que a grande maioría das persoas non posúe, como aprender a funcionar minimamente ben nunha estrutura social repleta de barreiras”.

Hai que cambiar a opinión da xente que pensa que a integración das persoas con discapacidade en estudos superiores, é demasiado complicada

Non quero rematar este breve artigo sen dirixirme ás persoas afectadas de parálise cerebral coma min. Para todas elas, as miñas palabras de ánimo e os meus desexos de que nunca as invada o desalento nesa marcha cara a diante. Eu vexo a parálise cerebral como un gran don e, aínda que pareza mentira, pensaríao moito se me propuxesen volver atrás: nacer sen problemas e non lembrar nada do que aprendín grazas a este don. Ao longo da vida hai sorrisos e bágoas, pois este mundo non é nada doado para xente coma nós. Moitas persoas non nos comprenden e nin sequera tratan de facelo, porque non son conscientes de que eles mesmos, ou algunha persoa querida, pode chegar a atoparse no noso lugar ou peor. Por iso temos que loitar moito. Non debemos esquecer que as nosas virtudes e a forza de vontade nos axudarán a superar todos os atrancos que impiden que realicemos os nosos mellores soños.

Co amor que nos achegan todas as persoas que temos á nosa beira e as que aínda non coñecemos, percorrерemos o camiño que nos ten preparado a vida. Nese tránsito avanzaremos, caeremos, e volverémonos a erguer. Con esta actitude, ademais de superarnos, estaremos ensinándolles aos demais unha enorme lección: a de loitar e seguir sempre adiante cun grande sorriso, por moitas que sexan as dificultades que teñamos que superar.

“Non sufras por te ver distinto aos demais, pode ser que sexan eles os que están mirando coa lente equivocada”...

(“Somos diferentes, somos iguais”)